

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE FEBREIRO DE 2018

FAVORABLES.-

LIC/637/2007.- RESIDENCIAL AMANECIDA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDAS.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade e aprobar a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno, na sesión do 19 de maio de 2008, para executar obras de construción de 13 vivendas unifamiliares nas parcelas F e G do SUP-20 Amanecida.

LAP/41/2017.- MARÍA JOSEFA E JOSÉ MANUEL POSE RODRÍGUEZ.- Conceder licenza de obras para rehabilitación do muíño do Avío e reconstrución de edificacións auxiliares para o seu uso como restaurante en Casal da Horta nº 26.

LIC/566/2017.- JUAN JOSÉ VILAS FERNÁNDEZ.- Conceder licenza para a construción de dúas vivendas unifamiliares adosadas na rúa S. D. Compostela nº 47 – 49.

LIC/1774/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS HOME SANTO, 64.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito en rúa do Home Santo nº 64.

LIC/1737/2017.- S.A.M.I. CATEDRAL DE SANTIAGO.- Conceder licenza para obras de acondicionamento interior de planta baixa do edificio sito na rúa Carretas nº 33.

LIC/1948/2017.- JOSÉ GRACIANO PARDO PAZ.- Conceder licenza para a instalación dunha piscina prefabricada na parcela sita na rúa Vite de Abaixo nº 39 B.

LIC/859/2017.- JORGE MIRANDA MARTÍNEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a rehabilitación da edificación situada na rúa Asidros (dos), 22.

LIC/1325/2017.- C. D. CONSTRUCCIÓN, REHABILITACIÓN Y REFORMAS S. L. U. - Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa García Prieto nº 55.

LIC/1926/2016.- RAQUEL JANÉ ANDRADE.- Conceder licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na Avda. de Raxoi nº 17.

LIC/1817/2017.- CARLOS ALBERTO VÁZQUEZ CONDE.- Conceder licenza para obras de rehabilitación de vivenda e cuberta na rúa Preguntoiro (do), 12.

LIC/390/2017.- DAVID REY VAAMONDE.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar de baixo, dúas plantas e baixo cuberta na rúa de Teo nº 57.

PARCELAMENTO

LIC/413/2017.- CELESTINO ANTONIO Balsa NIETO.- Conceder licenza para agrupación e segregación dunha parcela sita no lugar de Montes de Casanova – Busto – Berdía.

DESFAVORABLES.-

LAP/227/2016.- VALCARCE SANTIAGO SL.- Rexeitar os recursos de reposición interpostos por D. Miguel Sánchez Campos en nome propio e en representación da Asociación Galega de distribuidores de gasóleo (AGADISCAS) de por D^a Úrsula Picado García en representación de Carburantes Plaza S.L. contra o acordo da Xunta de Goberno de 15/09/2017 pola que se concedeu licenza de obras para instalación dunha estación de

servizo na rúa Pasteur 21-27 (parcela 2) e edificación de servizos, tenda-cafetería polos motivos expostos.

LIC/1809/2016.- JOSÉ MANUEL PEREIRA ARCA.- Rexeitar o recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de outubro de 2017, polo que se resolveu rexeitar a solicitude de licenza de parcelamento presentada polo interesado.

REVOGACIÓN DE LICENZA.-

LAP/232/2014.- ARIDOS CNC, S. L.- Incoar procedemento da revogación da licenza de obras concedida e conceder un prazo de audiencia de 15 días aos interesados no expediente para alegacións.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa a coñecemento do cambio de titularidade e aprobar a modificación da licenza concedida na sesión do 19 de maio de 2008, para executar obras de construción de 13 vivendas unifamiliares nas parcelas F e G do SUP-20 Amanecida. LIC/637/2007. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza de obras para rehabilitación do muíño do Avío e reconstrución de edificacións auxiliares para o seu uso como restaurante en Casal da Horta nº 26. LAP/41/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para a construción de dúas vivendas unifamiliares adosadas na rúa S. D. Compostela nº 47 - 49. LIC/566/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa a autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito en rúa do Home Santo nº 64. LIC/1774/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para obras de acondicionamento interior de planta baixa do edificio sito na rúa Carretas nº 33. LIC/1737/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para a instalación dunha piscina prefabricada na parcela sita na rúa Vite de Abaixo nº 39 B. LIC/1948/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a rehabilitación da edificación situada na rúa Asidros (dos), 22. LIC/859/2017. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa García Prieto nº 55. LIC/1325/2017. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na Avda. de Raxoi nº 17. LIC/1926/2016. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para obras de

rehabilitación de vivenda e cuberta na rúa Preguntoiro (do), 12. LIC/1817/2017. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar de baixo, dúas plantas e baixo cuberta na rúa de Teo nº 57. LIC/390/2017. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para agrupación e segregación dunha parcela sita no lugar de Montes de Casanova - Busto - Berdía. LIC/413/2017. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa ao rexeitamento dos recursos de reposición interpostos contra o acordo de 15/09/2017 pola que se concedeu licenza de obras para instalación dunha estación de servizo na rúa Pasteur 21-27 (parcela 2) e edificación de servizos, tenda-cafetería. LAP/227/2016. Apróbase a proposta.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado na sesión de 13 de outubro de 2017, polo que se resolveu rexeitar a solicitude de licenza de parcelamento. LIC/1809/2016. Apróbase a proposta.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa a incoar procedemento da revogación da licenza de obras concedida, e outorgar un prazo de audiencia de 15 días aos interesados no expediente para alegacións. LAP/232/2014. Apróbase a proposta.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á modificación de tarifas do servizo de taxi para o ano 2018. Apróbanse as tarifas do servizo para 2018, que representan unha suba ponderada do 1,36% con respecto ás vixentes. As tarifas serán as seguintes

TARIFAS

	DIURNO	NOCTURNO	FESTIVOS
PERCEPCIÓN MÍNIMA	3,75 €	5 €	4,30 €
KM	0,98 €	1,40 €	1,18 €
HORA DE ESPERA	19,50€	28,80 €	23,80 €
SERVIZO AEROPORTO	21€		

SUPLEMENTOS

MALETA OU BULTO	0,50 €
BICICLETAS	3,20 €
RESERVA DE SERVIZO	3,20 €
SAÍDA DO AEROPORTO	4,50 €

17.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á corrección de erro na Acta nº 1 de prezos contraditorios do contrato de mantemento e

conservación do sistema de tráfico e túnel do Hórreo, aprobada no punto 68 da sesión de 9.2.18. Apróbase a proposta.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de "servizo de conservación e mantemento do parque de Brandía (reservado a centros especiais de emprego D.A. 5ª do TRLCSP). Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa ASPAS Empleo SL, por un importe de 63.512,9 euros, IVE incluído. A empresa compromete para a mellora do servizo a entrega de 2.100 unidades de Impatiens (Guineana), 2.100 unidades de bulbo de inverno (narcisos, tulipa, crocus, etc), 2.100 unidades de Begonias Sepervirens, 350 unidades de Prímulas e 350 unidades de Agapantos.

19.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao inicio do procedemento sancionador contra a empresa Cidadanía Rede de Aplicacións sociais S Coop Galega, na súa calidade de adxudicataria do contrato de "Servizo de coordinación e dinamización do proceso de orzamentos participativos "Compostela Decide"do Concello de Santiago de Compostela, ano 2018". Acórdase iniciar procedemento sancionador contra a empresa Cidadanía, ao considerala responsable da comisión dunha infracción de carácter leve, sancionable cunha multa non superior aos 3.005,06 euros. A empresa terá un prazo de 15 días hábiles para formular alegacións e terá audiencia no expediente.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio de expediente para a resolución do contrato coa empresa VIPECA OBRAS Y SERVICIOS SL para a execución das "Obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque empresarial da Sionlla". Acórdase iniciar o expediente para a resolución do contrato, dando audiencia ao contratista por un prazo de dez días naturais. A fixación e reclamación dos posibles danos e prexuízos derivados do incumprimento requirirá a tramitación dun procedemento independente unha vez acordada a resolución do contrato, e así tamén a tramitación da inhabilitación para contratar coa administración.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "obras de repavimentación da avenida de Vilagarcía entre as avenidas de Rosalía de Castro e Romero Donallo (obras incluídas no Plan DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS). Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SYR-AMG por un importe de 341.702,89 euros, IVE incluído, ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

22.- Proposta da alcaldía para dar conta da interposición do REC especial de contratación 136/2018 contra a adxudicación do "Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela". Dase conta da interposición dun recurso por parte da empresa Arasti Barca contra o acordo de adxudicación do contrato de Dinamización e Mediación da rede de Centros Cívicos de Santiago, e solicítase ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais a desestimación do mesmo.

23.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á prorroga do contrato para a prestación do servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais. Acórdase prorrogar o contrato coa empresa Lacera Servicios y Mantenimiento polo prazo de dous meses, a contar desde o 1 de marzo ata o 30 de abril de 2018 ou, no seu caso, ata a data de inicio do novo servizo resultante da licitación agora en tramitación, sempre que se produza antes do prazo proposto. O gasto ascende a 76.582,42 euros,.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación de apertura dos prazos e do procedemento de admisión e matrícula nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, Fontiñas e Meixónfrío-Salgueiriños. Curso 2018-2019. Apróbase a proposta. O prazo para a presentación de solicitudes do procedemento de reserva de prazas, traslado do alumnado actual e dos/as traballadores/as das EIM de Conxo, Fontiñas e Meixónfrío-

Salgueiriños será entre os días 1 e 12 de marzo, ambos inclusive. O prazo para a presentación de solicitudes de novo ingreso será do 16 de marzo ao 16 de abril.

25.- Dar conta da sinatura do acordo entre o Concello de Santiago e AXEGA para a entrega dun desfibrilador (DESA) para servizos de emerxencias. Dase conta.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación das obras de mellora da accesibilidade na rúa Triacastela. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 499.563,31 euros, IVE incluído.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial para dar conta dun erro no acordo da Xunta de Goberno do pasado 2 de febreiro de 2018. Dase conta

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática para dar conta da fusión por absorción entre as sociedades Tanatorio San Lázaro SLU e Albia Gestión de Servicios SLU. Dase conta

4.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á autorización do traspaso dunha caseta da Praza de Abastos. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á imposición de sanción á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones polo atraso acumulado na execución das obras de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre, Fase I. Acórdase desestimar as alegacións presentadas e impoñer á empresa unha sanción de 12.108 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á imposición de sanción á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones polo atraso acumulado na execución das obras incluídas no proxecto modificado de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre, Fase II. Acórdase desestimar as alegacións presentadas e impoñer á empresa unha sanción de 13.466,52 euros.